

Plan de comunicación

do Programa FEAG en Galicia
2010-2012



COMISIÓN EUROPEA
DG de Empleo, Asuntos Sociales e
Inclusión
Fondo Europeo de Adaptación a la
Globalización



XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. PRESENTACIÓN	4
2. INTRODUCIÓN	5
2.1 SITUACIÓN DE PARTIDA	5
2.2 VALORACIÓN DOS RESULTADOS E MEDIDAS DESENVOLTAS EN PERIODOS ANTERIORES.....	6
3. O CONTIDO DO PLAN DE COMUNICACIÓN DO PROGRAMA FEAG	7
3.1 REFERENTES METODOLÓXICOS E NORMATIVOS DO PLAN DE COMUNICACIÓN DO FEAG DE GALICIA	8
3.1.1 <i>Normas xerais das medidas de información e publicidade para o desenvolvemento do Programa FEAG</i>	9
4. OBXECTIVOS	12
4.1 OBXECTIVOS DE COMUNICACIÓN	12
5. O PÚBLICO OBXECTIVO	14
6. ÁMBITO DE ACTUACIÓN	16
7. DEFINICIÓN DA ESTRATEXIA DE COMUNICACIÓN	17
7.1 VALOR ESTRATÉXICO E MENSAXE	17
8. ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN	18
8.1 ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN	18
8.1.1 <i>Medidas relacionadas coa posta en marcha do FEAG de Galicia</i>	18
8.1.2 <i>Medidas relacionadas coa execución e os resultados obtidos</i>	21
8.2 CADRO RESUMO DA ESTRATEXIA E ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN.....	22
9. CALENDARIO	25
10. MAPA DE RESPONSABLES	28
10.1 PERSOAS DE CONTACTO E RESPONSABLES DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	28
11. ORZAMENTO	31
12. INDICADORES	35
12.1 NOTA METODOLÓXICA SOBRE OS INDICADORES DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	36
12.1.1 <i>Actividades e actos públicos</i>	36
12.1.2 <i>Difusión en medios de comunicación</i>	36
12.1.3 <i>Publicacións realizadas</i>	36
12.1.4 <i>Información a través de páxinas web</i>	36
12.1.5 <i>Información a través de calquera tipo de carteleira</i>	36
13. SISTEMA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS DE COMUNICACIÓN E PUBLICIDADE	37

13.1	SEGUIMENTO DO PLAN	37
13.2	AVALIACIÓN DO PLAN	38
14.	ANEXOS	39
14.1	A IDENTIDADE GRÁFICA DA UNIÓN EUROPEA.....	39
14.1.1	<i>O logo FEAG</i>	39
14.2	A IDENTIDADE GRÁFICA DA XUNTA DE GALICIA	39

1. Presentación

Segundo o Regulamento (CE) nº 1927/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de decembro de 2006, se crea o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización¹, e en particular, no seu artigo 12, apartado 7.

O Regulamento 546/2009 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2009, modifica o 1927/2006, polo que se crea o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización DOUE L 167 de 29/6/2009

O Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG) ten por obxecto apoiar e axudar ás persoas traballadoras despedidas, como consecuencia dos cambios estruturais importantes nos patróns do comercio mundial en especial nas rexións e sectores desfavorecidos pola apertura á economía globalizada, e apoialos a reintegrarse no mercado laboral. Neste sentido o FEAG pretende estimular o crecemento económico e a creación de emprego na Unión Europea.

O FEAG tal como recolle o acordo interinstitucional de 17 de maio de 2006, conta cunha dotación anual potencial dun máximo de 500 millóns de euros destinada á reinserción laboral de persoas traballadoras.

¹ DOUE L 48 de 21/2/2008.

2. Introducción

Ante a disponibilidad de financiación dos Fondos FEAG e a situación que a continuación expónse, a comunidade autónoma de Galicia solicitou a súa participación no desenvolvemento dun programa FEAG.

2.1 Situación de partida

A liberalización dos comercios textiles e as prendas de vestir provocaron cambios radicais na estrutura do comercio mundial. Con arreglo ás cifras de EUROSTAT², as importacións de prendas de vestir na EU-27 incrementáronse nun 20,5% entre 2005 e 2008, desde os 49.305 millóns de euros ata 59.433 millóns de euros. O principal provedor foi China, cun incremento do 49,2% das súas importacións na EU-27 durante o período 2005-2008. Ademais existe unha tendencia xeral da industria téxtil e da confección a deslocalizar a produción en países con menores costes fora da UE, como Túnez, China, Marrocos e outros países asiáticos. Estes feitos demostran o vínculo existente entre os despedidos e os grandes cambios estruturais nos patróns do comercio mundial. Así mesmo o novo contexto económico provocado pola crise financeira e económica, que non pudo preverese, tivo un impacto negativo na industria téxtil e da confección dende o terceiro trimestre de 2008.

Galicia veuse moi afectada pola crise industrial. Durante o período 2007-2009, perdéronse 32.700 empregos na industria, 4.414 dos cales aconteceron na industria téxtil, 3.940 na automovilística e 2.098 na marítima.

Período de referencia:	1-03-09 a 30-11-09
Despidos durante o período de referencia:	703
Total de empresas afectadas:	82
Persoas traballadoras despedidas para as que se prevee a axuda:	500 (432 mulleres -86,5%- e 68 homes -13,5%-)

² http://ec.europa.eu/enterprise/sectors/textiles/statistics/index_en.htm

O 5 de febreiro de 2010, España presentou unha solicitude para mobilizar o FEAG en relación cos despedidos que tiveron lugar en 82 empresas cuxa actividade desenvólvese no marco da división 14 (confección de prendas de vestir) da NACE, revisión 2, nunha soa rexión NUTS 2, Galicia (ES11), e a complementou coa información adicional ata o 11 de maio de 2010.

Dita solicitude segundo a decisión do Parlamento Europeo e do Consello relativa á mobilización do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización, de conformidade co apartado 28 do Acordo Interinstitucional, do 17 de maio de 2006, entre o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión sobre disciplina presupuestaria e boa xestión financeira (solicitude FEAG/2010/003 ES/Galicia Textiles, procedente de España), cumpriu os requisitos para a determinación das contribucións financeiras segundo o establecido no artigo 10 do Regulamento (CE) nº 1927/2006. Por conseguinte, a Comisión propuso mobilizar un importe de 1.844.700 € para o FEAG de Galicia.

2.2 Valoración dos resultados e medidas desenvoltas en periodos anteriores

Atopámonos ante o primeiro proxecto FEAG en Galicia que se está a xestionar, neste sentido non existen resultados e medidas desenvoltas para outros FEAG en Galicia con anterioridade ao periodo 2010-2012. Sí existe como referencia a información doutros FEAG xestionados por outras comunidades autónomas dende o 2008. Poden consultarse as fichas de solicitudes presentadas na páxina web do FEAG³.

³ <http://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=582&langId=es>

3. O contido do Plan de Comunicación do Programa FEAG

O Plan de Comunicación é o documento onde se deseñará a estratexia de comunicación e as accións a pór en marcha para dar a coñecer o proxecto e a contribución europea.

O plan conta con tres partes diferenciadas: o desenvolvemento conceptual (a idea), o deseño da estratexia (as accións) e a visualización das ideas e accións (as creatividadeas). Neste sentido requirirá que previamente se reflexione sobre a conceptualización do proxecto que resulte nunha idea que conecte co público obxectivo e comunique con eficacia a esencia do proxecto. Con posterioridade deseñaranse que canles e medios son os máis idóneos para trasladar a mensaxe e finalmente, concretarase a idea e estratexia no desenvolvemento das creatividadeas adaptadas a cada soporte.

En concreto o Plan de Comunicación conterá a seguinte información:

Obxectivos de comunicación

Grupo de destinatarios

Ámbito de actuación

Estratexia de comunicación: mensaxe e posicionamento

Estratexia de medios: accións de comunicación

Calendario

Orzamento

Mapa de responsables

Indicadores

Accións de seguemento e avaliación

É por tanto o Plan de Comunicación a peza estratéxica que conterá toda a información sobre a información e publicidade a desenvolver dentro do proxecto.

3.1 Referentes metodolóxicos e normativos do Plan de Comunicación do FEAG de Galicia

O desenvolvemento do Programa FEAG de Galicia sendo un programa cofinanciado pola Comisión Europea, establece unhas esixencias normativas en materia de información e publicidade sobre as actuacións e resultados.

Segundo o Regulamento (CE) nº 1927/2006 do Parlamento Europeo e do Consello de 20 de decembro de 2006 polo que se crea o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización, no seu artigo 9 en referencia a información e publicidade, establécese a necesidade por parte do estados membros de facilitar información sobre as accións financiadas e o encargo de darlles publicidade.

A normativa que regula en materia de información e publicidade o FEAG de Galicia é a seguinte:

- Regulamento (CE) nº 1927/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de decembro de 2006, polo que se crea o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización⁴,
- Regulamento 546/2009 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2009, que modifica o 1927/2006, polo que se crea o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización⁵.

Con carácter xeral e como complemento a información en materia de información e publicidade, contida nos regulamentos de creación do FEAG haberá de guiarse as cuestións, sobre información e publicidade no seguinte regulamento, que afectan en cuestión de información e publicidade para os PO do Fondo Social Europeo (FSE).

- Regulamento (CE) Nº 1828/2006 da Comisión de 8 de decembro de 2006 polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) Nº 1083/2006.

En canto a documentos metodolóxicos sobre información e publicidade convén consultar os seguintes:

- Information and Communication Plan 2007 (European Commission Regional Policy Directorate-General).

⁴ DOUE L 48 de 21/2/2008.

⁵ DOUE L 167 de 29/6/2009

- Methodology for Communicating the Use of EU Fund Co-Financing during the Programme Period 2007-2013 (Transparency, Coordination and Communication Management): Methodology for the Creation and Implementation of the OP Communication Action Plan (Diciembre, 2006).

3.1.1 Normas xerais das medidas de información e publicidade para o desenvolvemento do Programa FEAG

Na seguinte táboa recóllense as esixencias normativas en materia de información e publicidade para o FEAG 2010-2012 segundo a información contida nos regulamentos.

Deberán adoptarse as seguintes medidas:

	Actuacións	Referente normativo
Responsabilidade da Autoridade de Xestión en medidas de información e publicidade destinadas aos beneficiarios potenciais		
1	Realizar de conformidade co Plan de Comunicación, a ampla difusión do Programa, con información sobre as contribucións financeiras do Fondo en cuestión, e a súa posta a disposición de todas as partes interesadas.	Regulamento (CE) N ^o 1828/2006, art. 5.1
2	Realizar a maior difusión posible da información sobre as oportunidades financeiras de axuda conxunta que ofrecen a Comunidade e os Estados membros a través do programa.	
3	Facilitar aos beneficiarios potenciais información clara e detallada sobre: <ul style="list-style-type: none"> - as condicións que han de cumprirse para poder acceder ao financiamento no marco dun Programa - a descrición dos procedementos de exame das solicitudes de financiamento e dos períodos de tempo correspondentes - os criterios de selección das operacións que se van a financiar - os contactos a nivel nacional, rexional ou local que poden facilitar información sobre os programas operativos 	Regulamento (CE) N ^o 1828/2006, art. 5.2

Medidas de información e publicidade para os beneficiarios		
4	Realizar unha actividade informativa importante relativa á publicidade do lanzamento do Programa, mesmo en ausencia da versión final do Plan de Comunicación	Regulamento (CE) N° 1828/2006, art.7.2.a)
5	Realizar polo menos unha actividade informativa anual importante, de acordo co establecido no plan de comunicación, na que se presenten os logros do Programa, incluídos, no seu caso, os proxectos importantes	Regulamento (CE) N° 1828/2006, art.7.2.b)
6	Izamiento da bandeira da Unión Europea durante unha semana a partir do 9 de maio (día de Europa) e segundo recolle o manual de presentación de solicitudes do FEAG haberá que colocar a bandeira europea en calquera sala onde se celebren actos públicos (conferencias, presentacións, feiras,...).	Regulamento (CE) N° 1828/2006, art.7.2. c)
7	Publicación da lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos asignados a cada operación	Regulamento (CE) N° 1828/2006, art.7.2. d)
8	Informar aos beneficiarios das accións sobre a súa participación nun proxecto cofinanciado pola Unión Europea, garantindo a transparencia da actuación.	Manual de presentación de solicitudes do FEAG
Responsabilidades dos beneficiarios en medidas de información e publicidade destinadas ao público en xeral		
9	Colocación de placas explicativas permanente, visible e de gran tamaño, nun prazo máximo de seis meses a partir da conclusión dunha operación	Regulamento (CE) N° 1828/2006, art.8.2
10	Colocación de carteis durante a execución da operación nos enclaves de determinadas operacións de infraestruturas e construción	Regulamento (CE) N° 1828/2006, art. 8.3
Medidas de información e publicidade de carácter xeral		
11	Indicar a participación da Unión Europea en todo o material de información e comunicación xerado no proxecto (publicacións, material formativo, folletos, páxinas web, bases de datos,...). Todas as Medidas de Información e Publicidade teñen que	Regulamento (CE) N° 1828/2006, art. 9 e Manual de presentación de solicitudes do FEAG

	incluir:	
	<ul style="list-style-type: none">- o emblema da Unión Europea, de conformidade coas normas gráficas establecidas no anexo I, así como a referencia á “Comisión Europea. DG de Empleo, Asuntos Sociales e Inclusión”- a referencia ao Fondo en cuestión “Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización”- o logo do propio fondo FEAG	

4. Obxectivos

A redacción do Plan de Comunicación do FEAG de Galicia 2010-2012 ademais de dar resposta ás mencionadas previsións regulamentarias, aspira sobre todo, a dar unha mellor información sobre todo o relativo ao FEAG e dar difusión ao concepto *adicionalidad* do Fondo, sendo un complementador do esforzo financiador das autoridades. Por estes motivos o Plan se configura como o vehículo máis importante para facer chegar a voz de Europa, a través do FEAG, a Galicia e a todos os cidadáns en xeral. Éste é o **obxectivo global**:

- Divulgar a política rexional europea en Galicia contribuíndo a concienciar na opinión pública galega sobre a importancia das actuacións realizadas no marco do Programa FEAG de Galicia.

A continuación delimitanse unha serie de obxectivos claros coa finalidade de conseguir os resultados propostos.

4.1 Obxectivos de comunicación

Os principais obxectivos xiran entorno ás prioridades de notoriedade e transparencia. En concreto defínense tres obxectivos principais:

1. Xerar a maior notoriedade posible e visibilizar a contribución do FEAG no desenvolvemento das accións postas en marcha.
 - Comunicar e informar dun xeito eficaz sobre todo o relativo ao FEAG ao grupo de destinatarios (principalmente beneficiarios e beneficiarios potenciais).
 - Informar e presentar a todos os interesados o FEAG e as prioridades que persegue.
 - Informar sobre a forma en que se utilizan os recursos e a contribución financeira do FEAG, promovendo, así, a actividade responsable realizada pola UE en Galicia.
 - Mellorar o coñecemento dos logros conseguidos en Galicia grazas ao FEAG como consecuencia da mellora da adaptabilidade, empleabilidade e do capital humano.

- Contribuir a unha execución transparente das intervencións das políticas de cohesión a través de información continuada, clara e accesible.
 - Dar a conocer os sistemas e procedementos de xestión e os requisitos e procedementos de acces aos mesmos.
- 2. Concienciación e consolidación sobre o papel e imaxe que Europa xoga a través da aplicación das políticas de cohesión social, crecemento económico e mellora da calidade de vida da cidadanía en Galicia.
- 3. Impulsar a participación dos beneficiarios e beneficiarios potenciais no desenvolvemento e consecución dos obxectivos do programa FEAG.

Como obxectivo complementario establécese o seguinte:

- 4. Mellorar a formación dos profesionais da comunicación en asuntos relacionados coa política comunitaria de cohesión, para conseguir a maior eficacia nas accións de comunicación que desenvolvan.

Beneficios do bo desenvolvemento do Plan de comunicación

O Plan de Comunicación convértese nun instrumento que vai achegar elementos moi positivos para mellorar a eficacia do Programa FEAG, e é a clave para aproximar a Política Rexional á sociedade, mediante a comprensión dos seus fins, os seus medios e os seus resultados. Neste sentido, dous elementos importantes serán, a sensibilización e motivación dos potenciais participantes no proxecto, con vistas a dar a coñecelo e transmitir con claridade os seus obxectivos e expectativas. Nos seguintes apartados do plan defínense a estratexia e accións a levar a cabo coa finalidade da consecución dos obxectivos marcados.

5. O público obxectivo

O FEAG de Galicia aprobado pola Comisión Europea, dirixe as súas actuacións a un grupo amplo de destinatarios, neste sentido é importante identificar cada un dos públicos obxectivo de destinatarios coa finalidade de elixir a forma e o medio de difusión máis axeitado, feitos que garantirán o éxito das medidas de información e publicidade postas en marcha.

O grupo de destinatarios diferencianse principalmente en tres categorías: autoridade de xestión e beneficiarios, beneficiarios potenciais, e poboación ou público en xeral.

A continuación concrétase o grupo de destinatarios do FEAG de Galicia:

Beneficiarios

Segundo o Regulamento (CE) Nº 1828/2006, no seu artigo 2.4, establece que serán os beneficiarios “Todo operador, organismo ou empresa, de carácter público ou privado, responsable de iniciar ou de iniciar e executar as operacións”. No ámbito dos réximes de axuda a que se refire o artigo 87 do Tratado, entenderase por beneficiario toda empresa pública ou privada que leve a cabo un proxecto particular e reciba axuda pública”. Neste sentido serán beneficiarios todo organismo susceptible de optar a financiación comunitaria, e de converterse, por tanto, en participantes das accións cofinanciadas no marco do Programa FEAG.

De carácter administrativo

- *Autoridade de xestión:* Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (centro dependente da Dirección Xeral da Economía Social, do Traballo Autónomo e do Fondo Social Europeo -Secretaría Xeral de Emprego- Ministerio de Traballo e Inmigración).
- *Órgano intermedio:* a Dirección Xeral de Planificación e Fondos - Consellería de Facenda.
 - Outros órganos xestores da Xunta de Galicia que colaboran co órgano intermedio: Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar.

Outros beneficiarios

- Entidades locais, rexionais e interlocutores sociais: aquelas asociacións e entidades participantes no desenvolvemento do proxecto. Os principais axentes neste sentido serán para o proxecto FEAG empregatex:
 - Confederación de Industrias Têxtils de Galicia – Clúster Têxtil Moda - COINTEGA
 - Comisións Obreiras, Industrias Têxtil-Pel, Químicas e Afíns.
 - UXT – FIA Galicia

Destinatarios finais das accións

O grupo de beneficiarios finais estará composto polo seguintes perfís:

- Persoas traballadoras despedidas pertencentes ás seguintes categorías, segundo a Clasificación Internacional Uniforme de Ocupacións:
 - 743 Oficiais e operarios dos têxtils e da confección e afíns
 - 744 Oficiais e operarios das peles, coiro e calzado

Entre estas categorías atópanse diferentes perfís profesionais: operadores/as de máquinas textiles, persoal de almacén, cortadores/as, planchadores/as, inspectores/as, costureiros/as, patronistas e outros (persoal administrativo, comercial, conductores/as, persoal informático, de limpeza e mecánicos/as).

Poboación en xeral

Este grupo estará composto pola cidadanía galega en xeral,

- Medios de comunicación: radio, prensa, televisión e internet formarán parte do público ao que hai que dirixir actividades de información e publicidade do Programa FEAG de Galicia.
- Público en xeral: a sociedade galega en xeral e calquera outro público é susceptible de ser informado sobre as actuacións do Programa FEAG.

Cada grupo de destinatarios está estreitamente asociado a un ou varios dos obxectivos do Plan e deseñaranse medidas en concreto para cada tipo de destinatarios.

6. **Ámbito de actuación**

O programa FEAG ten un ámbito de actuación para toda Galicia, comprendendo as provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra).

O ámbito temporal do FEAG vai dende o 8 de febreiro de 2010, data na que comenzáronse a prestar os servizos persoalizados ás persoas traballadoras afectadas incluídas no paquete proposto á cofinanciación do FEAG. Deste xeito esta data representa o inicio do período de admisibilidade para calquer tipo de asistencia e actividade do FEAG e chegará ata febreiro de 2012.

7. Definición da estratexia de comunicación

A estratexia definida en comunicación para o PROGRAMA FEAG de Galicia garantirá unha xestión transparente e integrada.

Plantéxase unha estratexia de 360º, onde se utilizarán todas as ferramentas de comunicación a disposición, salientando o uso das novas tecnoloxías e ofrecendo unha xestión total e coherente que contribúa a aumentar a transcendencia e garanta o éxito da mensaxe que se traslade, así como o cumprimento dos obxectivos marcados.

Para iso apóiase o deseño da estratexia de comunicación ao redor de 4 variables. A finalidade de aplicar un modelo de 4 variables é a de ofrecer unha ferramenta aplicable á comunicación do PROGRAMA FEAG de Galicia que permita manexar a comunicación de forma integral, entendendo que a comunicación é unha dimensión aplicable a todos os ámbitos de actividade do PROGRAMA.

Neste sentido, o modelo desenvolvido oríentase en torno a 4 variables ou dimensións da comunicación que permiten dar a coñecer e comunicar todo o PROGRAMA no seu conxunto:

1. Comunicación corporativa
2. Comunicación interna
3. Comunicación externa
4. Relacións públicas e gabinete

No seguinte apartado desenvólvense cada unha das variables ao redor das que se deseñarán as accións a pór en marcha que conterá o Plan.

7.1 Valor estratéxico e mensaxe

A comunicación do PROGRAMA FEAG de Galicia orientarase e centrarase en dar a coñecer o Programa de reinserción laboral para persoas desempregadas do sector téxtil, que é a esencia do FEAG de Galicia. O valor estratéxico da comunicación do PROGRAMA xirará en torno a prestar axuda a atopar unha saída profesional ás persoas en situación de desemprego. Neste sentido a mensaxe centrarase na seguinte:

“En Galicia tes unha nova oportunidade para o emprego”

8. Accións de comunicación

A posta en marcha do plan de comunicación foi deseñado en coherencia cos obxectivos e a estratexia deseñada. En concreto, artículase 10 accións a desenvolver que se desglosan a continuación:

8.1 Accións de comunicación

As medidas e accións a pór en marcha agruparanse en torno a dous momentos diferentes e ao redor das catro variables ou dimensións de comunicación comentadas:

- Fase posta en marcha do PROGRAMA FEAG de Galicia
- Fase de execución do PROGRAMA FEAG de Galicia

8.1.1 Medidas relacionadas coa posta en marcha do FEAG de Galicia

Dimensión 1: Comunicación corporativa

A comunicación corporativa é aquela pola cal a entidade emite unha mensaxe de si mesma co fin de transmitir ou dicir ao público o que é. Neste caso será a dimensión encargada de desenvolver a idea a comunicar, conceptualizala gráficamente e coidar o desenvolvemento desa identidade. Dentro deste apartado as actividades a desenvolver serán:

Actuación 1) Denominación do PROGRAMA FEAG de Galicia: naming

O primeiro dos pasos para a posta en marcha do PROGRAMA pasa por denominalo, poder chamalo dalgunha maneira, neste sentido será parte fundamental e crítico escoller un nome co que podamos referirnos ao Programa. Nesta primeira fase o resultado será a construción dun nome para denominar o proxecto, un nome que responda ás principais leis na construción de marcas, preferiblemente curto, fácil de pronunciar, evitando cacofonías.

Baseándose en transmitir de forma clara o principal obxectivo do proxecto “promover a inserción laboral das persoas desempregadas do sector téxtil”, trasládase ambas as ideas a través de dous conceptos empleabilidade, posibilidade de emprego, e téxtil, referenciando ao sector obxectivo, conceptualizados de forma clara e directa.

Actuación 2) Deseño conceptual e gráfico da identidade do PROGRAMA FEAG de Galicia

Unha vez alcanzado un nome para designar o proxecto, o segundo dos pasos consistirá no desenvolvemento da identidade do proxecto, que se concretará no deseño do logo do proxecto. Devandito resultado será froito das seguintes etapas:

Actuación 2.1. Manual de identidade corporativa do proxecto

Coa finalidade de crear unha identidade corporativa representativa e notoria, desenvolverase un manual de identidade que teña por obxectivo garantir a homoxeneidade na presentación do proxecto e marcar as pautas en canto á obrigatoriedade de presentación do logo do proxecto e do resto de logos de entidades participantes, ao tratarse dun proxecto subvencionado co fondo FEAG.

O manual de identidade corporativa do proxecto recollerá a seguinte información:

Símbolo, logotipo, logo, tipografía, cores, composicións, usos incorrectos e tamaño mínimo.

Actuación 2.2. Aplicacións de papelería do proxecto

Deseñaranse as aplicacións de papelería básicas do proxecto e adaptaranse para que poidan ser utilizadas nos soportes informáticos máis comúns. En concreto deseñaranse:

1ª e 2ª folla de folio, sobre americano, sobre bolsa, cartafol porta documentos, caderno, portada de CD, firma de correo electrónico, selo, memoria USB, bolígrafo, tríptico ou folleto, documento en Word e presentación en Power Point.

Dimensión 2: Comunicación interna

Actuación 3) Comunicacións internas

A comunicación interna céntrase no capital humano. O principal obxectivo da comunicación interna é dar a coñecer e facer partícipes a todos os membros da autoridade de xestión e organismos intermedios da comunicación que se desenvolve coa finalidade de implicarvos na mesma a través de:

Actuación 3.1. Reunións

Actuación 3.2. Contacto telefónico

Actuación 3.3. Correo electrónico

Actuación 3.4. Intranet

Actuación 3.5. Envío de informes

Dimensión 4: Relacións públicas e gabinete

O principal obxectivo das relacións públicas (RR.PP.) é conseguir que o proxecto teña unha imaxe positiva e un recoñecemento na sociedade. O seu traballo céntrase en abrir vías de diálogo e establecer relacións, eficaces, de forma permanente con todos os públicos aos que se dirixe o proxecto.

Dentro deste ámbito, distínguense dous aspectos, a función de gabinete de prensa e a organización de eventos.

Actuación 4) Gabinete de prensa

Deseñaranse os fitos informativos do proxecto, coa finalidade de conseguir unha comunicación periódica, desenvolveranse os contidos e seleccionaranse as fontes de interese a nivel global coas que establecer contactos e a nivel particular coa finalidade de conseguir divulgar información de maior calado.

Actuación 4.1. Envío de convocatorias de prensa

Actuación 4.2. Envío de notas de prensa

Actuación 5) Rolda de prensa

A primeira das actividades que se realizará para dar a coñecer o Programa FEAG de Galicia, será a organización dunha rolda de prensa para a presentación pública do proxecto. Este evento será e marcará o inicio da comunicación do proxecto tendo por tanto especial relevancia e interese, de modo que se haberán de coidar todos os detalles e salientar en conseguir a maior cobertura mediática posible.

8.1.2 Medidas relacionadas coa execución e os resultados obtidos

Dimensión 3: Comunicación externa

A comunicación externa é aquela que contribúe a crear unha imaxe do proxecto, pero o seu obxectivo en concreto é actuar sobre a imaxe e posibilidade de conseguir persoas beneficiarias potenciais para as actividades do proxecto.

Neste sentido a dimensión da comunicación externa xoga un papel fundamental, dentro desta dimensión inclúense as seguintes sub-áreas: a mercadotecnia, a publicidade e Internet.

Actuación 6) Mercadotecnia

Porase en marcha unha campaña de promoción e difusión do proxecto aos potenciais beneficiarios.

Actuación 6.1. Marketing telefónico

Actuación 7) Publicidade

A inserción directa en medios de comunicación do PROGRAMA FEAG de Galicia será outra das actividades a desenvolver para contribuír á divulgación e éxito de Plan, defínense as seguintes actuacións:

Actuación 7.1. Anuncios en periódicos

Actuación 7.2. Cuñas en radio

Actuación 7.3. Mailing

Actuación 7.4. Banners

Actuación 7.5. Carteis, plotters e vallas

